

Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORRIÑO, O

Persoal, oposicións

*BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR INTERINAMENTE SEIS PRAZAS
VACANTES DE OPERARIOS*

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DE BASES

Por Decreto da Alcaldía de data 24-01-2020, ditado no expediente nº. 3887/2019, aprobáronse as seguintes:

“BASES DA OPOSICIÓN PARA INTERINAR SEIS POSTOS VACANTES DE OPERARIOS DO CONCELLO DO PORRIÑO

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta bases é a urxente selección de persoal que será contratado laboralmente, mediante contrato de duración determinada de interinidade, para cubrir seis (6) prazas de operario obras e servizos vacantes na plantilla do orzamento municipal.

Características dos postos na Relación de Postos de Traballo:

- Departamento de vías, obras e servizos básicos.
- Tipo de posto: laboral
- Titulación: Certificado de estudos primarios ou equivalente.
- Grupo V.
- Nivel 14.

2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema selectivo é o de oposición.

3ª.- INCOMPATIBILIDADES

Durante a contratación lle será de aplicación a normativa vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

4ª.- DURACIÓN DA CONTRATACIÓN E CESE

A contratación interina durará mentres perduren as circunstancias que determinan o nomeamento e contratación laboral temporal interina, non se cubran en propiedade ou se amorticen as devanditas prazas.

O cese e extinción da relación laboral das persoas nomeadas e contratadas interinamente segundo estas bases producírase, ademais de polo exposto no apartado anterior, polas causas previstas na Lei 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, (TRLEBEP) na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia (LEPGA) e no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET), así como por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos, ou cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento, ou as prazas sexan cubertas definitivamente ou sexan amortizadas.

5ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para poder participar nesta convocatoria e seren admitidos os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 TRLEBE e 50 e 52 LEPGA.

b) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, á idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do **CERTIFICADO DE ESTUDIOS PRIMARIOS** ou equivalente.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de ser nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas de operario de obras e servizos.

f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 24 de decembro e no TRLEBE.

g) Estar en posesión do permiso de conducción de clase B.

h) Ter aboada a cantidade de 15,95 euros, polos dereitos de participación no proceso selectivo, mediante ingreso na conta corrente aberta a nome deste Concello en ABANCA Corporación Bancaria, S.A (sucursal do Porriño), IBAN ES55 2080 5054 02 31 1001 7139.

No xustificante do devandito aboamento, que se deberá achegar a instancia, deberá facer constar nome e apelidos do aspirante e o concepto “6 postos operarios obras e servizos”.

En ningún caso a mera presentación do xustificante do pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos, durante o proceso selectivo.

6ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo, na que os/as aspirantes deberán manifestar que reúnen todos e cada uns dous requisitos esixidos na base 6ª, referidos sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación das mesmas, dirixíranse a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño, e presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas, durante o prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), prorrogándose ata o primeiro día hábil seguinte, se o prazo rematase nun día inhábil.

As solicitudes formularanse na forma que determina o artigo 66 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) ou conforme ó modelo que se acompaña como Anexo II a estas bases, e conterà, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación da praza convocada, e unha declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos nestas bases da convocatoria.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP.

No caso de que non se presente directamente no rexistro xeral do Concello do Porriño o aspirante deberá dirixir por fax ao número 986.33.58.50 unha copia selada da solicitude na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, no mesmo día da súa presentación, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo empregado que admita o envío antes de seren certificadas.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A non presentación da instancia en tempo e forma suporá a exclusión do/da aspirante.

Os aspirantes, polo feito de participar no proceso selectivo, sométense ás presentes bases da convocatoria e ás decisións que adopte ou Tribunal, sen prexuízo das reclamacións ou recursos pertinentes.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Xunto coa solicitude se achegará necesariamente:

- Fotocopia compulsada do DNI en vigor.
- Fotocopia compulsada do permiso de condución da clase B.
- Certificado de estudos primarios ou equivalente ou fotocopia compulsada do mesmo, (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación expedida polo organismo competente en que se faga constar a súa equivalencia ou homologación coa esixida para o acceso).
- Fotocopia compulsada do xustificante de haber abonado a taxa por dereitos de participación no proceso selectivo.
- Declaracións responsables de cumprir os requisitos requiridos nos apartados d), e), f) da base 5ª.
- Certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da Orden do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento de lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da oposición de coñecemento do idioma galego da base 9ª.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

O ANUNCIO da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG), computándose o referido prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso, e tal como quedou dito, desde a devandita publicación no DOG.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

7ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Sra. Alcaldesa ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal do proceso de selección.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, concedéndose un prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, de ser o caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, a Sra. Alcaldesa ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data de comezo das probas da oposición. Esta resolución publicarase igualmente taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

8ª.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía, publicándose a súa composición consonte ao disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición do Tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para a participación no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin

Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

O tribunal está facultado e queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Aos membros do tribunal e os citados asesores que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

9ª.- **OPOSICIÓN:**

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse o tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio da oposición, anunciarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal, con 24 horas de antelación cando menos a tal realización, no lugar onde se haxa celebrado o anterior e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os aspirantes que non comparezan cando se realicen, agás en casos alegados e xustificadas con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento se considerará único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os aspirantes á sesión á que haxan sido convocados.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

A orde de actuación dos opositores, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea, iniciarase alfabeticamente polo primeiro apelido da lista de admitidos e excluídos ordenada alfabeticamente.

En calquera momento o tribunal poderá requirir os/as aspirantes para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os asesores e/ou colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba que o poida requirir de xeito oral, que se realizarán en sesión pública, neste caso o aspirante que non acuda a realizar a proba oral será declarado non apto e polo tanto eliminado do proceso selectivo.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización dos exercicios, agás en aqueles que pola súa natureza non sexa posible realizalos de forma anónima. Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse os aspirantes non poderán realizar ningunha sinal identificativa nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminados do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio. Esta circunstancia acordarase polo tribunal cualificador e anunciarase xunto coas cualificacións do exercicio correspondente.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Nas probas prácticas cuxa execución consista exclusivamente en tarefas manuais que os aspirantes deban realizar de un en un, a sesión de desenvolvemento da proba será pública.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valera persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, a persoa aspirante será sancionada coa expulsión do exame e o abandono do proceso selectivo.

Desde a terminación dun exercicio ou proba e o comezo da/o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais.

Concluído cada un dos exercicios da oposición o tribunal fará pública a relación, por orden descendente, de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados da oposición.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá no desenvolvemento por escrito, durante o tempo sinalado polo tribunal, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta, de entre os temas do temario establecido no Anexo I, no prazo de tempo e co contido determinado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. As preguntas correctamente contestadas valoraranse con 0,50 puntos e as respostas erróneas non minorarán a puntuación.

Segundo exercicio. Práctico, obrigatorio e eliminatorio.

Un exercicio de carácter práctico e eliminatorio que consistirá na realización dunha ou varias probas de execución práctica ou teórica acordes coas funcións dun operario de obras e servizos (electricidade, xardinería, albanelería, fontanería, etc.), no prazo de tempo e co contido determinado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e en relación co temario que figura no Anexo I.

Este exercicio cualificarase entre cero (0) e dez (10) puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco (5) puntos para aprobar este exame.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Terceiro exercicio escrito, obrigatorio e non eliminatorio, sobre coñecemento do idioma galego para os aspirantes non exentos:

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego, sen axuda do dicionario, dun texto determinado polo tribunal, inmediatamente antes do comezo do exercicio, que se desenvolverá no prazo de tempo determinado por este.

Este exercicio avaliarase de 0 a 1 punto.

O exercicio realizarase segundo o programa do anexo I da Orden de 16 de xullo de 2007 da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza (DOG, nº 146/30-07-2007), para o nivel de galego Celga 2.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 2, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seus anexo I, aos que se lle asignarán 1 punto. Esta exención haberán de acreditarla documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do prazo de 20 días naturais sinalado na base 7ª.

10ª.- CUALIFICACIÓN

Na corrección e cualificación dos exercicios deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes.

Se os exames non foran corrixidos ó remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará, asinando sobre o precinto tódolos membros do Tribunal presentes, así como o mesmo número de aspirantes elixidos ó chou. O sobre quedará baixo a custodia do secretario/a para a súa apertura ó inicio da sesión na que se corrixan.

A cualificación de cada un dos exercicios da oposición será a media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros asistentes do Tribunal. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por membros do Tribunal exista unha diferenza superior a tres enteiros, serán automaticamente excluídas as dúas cualificacións, maior e menor das puntuacións outorgadas, calculándose a media aritmética coas puntuacións outorgadas polos demais membros do Tribunal.

O tribunal en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados/as que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Os membros do tribunal só poderán cualificar os exames daqueles aspirantes ós que corrixiran o exame, ou presenciaran a súa lectura, no seu caso.

A puntuación definitiva de cada aspirante será a resultante da suma das puntuacións obtidas en cada exercicio da fase de oposición.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo.

Os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación das puntuacións da fase de oposición para facer reclamacións ás mesmas.

11ª. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal declarará como aprobados/as e propondrá os nomeamentos de aqueles aspirantes que obteña as maiores cualificacións finais, non podendo aprobar un número maior de candidatos ao do número de prazas convocadas.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública, (no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org), a relación de aprobados/as por orde de puntuación decrecente con proposta á Alcaldesa dos candidatos/as que, habendo aprobado e obtido a maior puntuación, deban ser nomeados para a formalización do correspondente contrato laboral de duración determinada de interinidade previo a ocupación das prazas obxecto da convocatoria.

12ª.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS/AS ASPIRANTES PROPOSTOS/AS POLO TRIBUNAL

A devandita relación de aprobados/as conterà un recordatorio ós/ás opositores propostos/as de que deberá presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para cubrir as prazas convocadas.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán dentro do prazo de 10 días naturais, contados desde a publicación da citada relación de aprobados/as, os documentos seguintes:

- Certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade, para acreditar posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas de operario de obras e servizos [base 5ª apartado e)].
- Fotocopia compulsada do documento na que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos nestas bases que non estean comprendidos nos anteriores apartados.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os/as aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións ou requisitos esixidos mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo anteriormente dito, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado/a e contratado persoal laboral temporal interino, nin tampouco o será se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

13º.-NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL CON CARÁCTER INTERINO E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL DE INTERINIDADE

Concluído o proceso selectivo, os/as aspirantes propostos/as, serán nomeados/as persoal laboral temporal con carácter de interino pola Sra. Alcaldesa, unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

A formalización do contrato laboral de interinidade efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado desde o día seguinte á notificación do nomeamento. Na formalización do contrato deberá facerse constar que o nomeado/a promete ou xura o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas. De non formalizar o contrato no prazo indicado os/as nomeados/as quedarán na situación de cesantes perdendo todos os dereitos obtidos pola oposición, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Na formalización dos contratos de interinidade tamén se fará constar a manifestación do/a interesado/a de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de formalización do devandito contrato. Se se tratara de actividades susceptibles de compatibilidade, deberá instala antes da formalización do contrato, que quedará en suspenso en tanto recae resolución.

14º.-LISTA DE RESERVA

A relación de aprobados servirá de lista de reserva para o efecto de que as persoas propostas e nomeadas interinamente desistisen, renunciasesen, non se presenten a formalizar os respectivos contratos dentro do referido prazo quedando e situación de cesantes ou unha vez dados de alta na Tesourería da Seguridade Social e formalizados os contratos perdesen a súa condición de interino por algunha das causas legalmente previstas, e tamén para o efecto de atender a substitución transitoria dos nomeados por baixas de enfermidade, goce de licenzas ou permisos, ou situacións administrativas con dereito á reserva da citada praza e mentres persistan tales circunstancias. A citada lista de reserva terá vixencia ata a confección dunha posterior que co mesmo obxecto e finalidade a substitúa.



Dita lista de reserva publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Una vez formada e publicada a lista de reserva, se procederá ao chamamento segundo a necesidade existente, polo estrito orden de prelación. No suposto de que efectuado o chamamento este non puidera formalizarse ou non se atendera pola persoa interesada, esta pasará a ocupar o último lugar da lista de reserva constituída. Finalizada a substitución o/a interesado/a volverá a quedar na lista de reserva ocupando o mesmo lugar que lle correspondía segundo a puntuación obtida.

O chamamento poderá realizarse polo medio máis urxente que permita constancia da recepción deste.

As persoas que figuren na lista de reserva deberán manter os requisitos esixidos na convocatoria para poder permanecer nela, pois en caso contrario quedarán excluídos da mesma.

O/A persoa que acepte o chamamento deberá aportar os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria e detallados na base 12ª de achega de documentos.

15ª.- CESE E EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL

En harmonía coa base 4ª e dado o obxecto destas bases e da súa convocatoria calquera dos nomeamentos previstos nas mesmas quedarán revocados, cesando automaticamente os/as aspirantes designados/as coa extinción dos seus contratos, cando finalice a causa que deu lugar aos seus nomeamento ou sexan cubertas as prazas en propiedade ou se produza a amortización das mesmas, cesando igualmente polas causas de perda da relación do servizo previstas no TRLEBP, na LEPGA e no TRLET e demais disposicións concordante e de aplicación.

16ª.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, ao tribunal cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

17ª.- RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

administración xeral do estado; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 53/1984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Persoal ao Servizo de las Administracións Públicas, e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

18ª.- DISPOSICIÓN FINAL

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa segundo corresponda.

ANEXO I - TEMARIO

PARTE XERAL

Tema 1. A Constitución española de 1978: Principios xerais.

Tema 2. O estatuto de autonomía de Galicia: Principios xerais.

Tema 3. Réxime local. Xeralidades dos órganos de goberno do Concello: O Alcalde, O Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno Local.

Tema 4. A facenda pública e administración tributaria: Idea xeral do orzamento municipal.

Tema 5. O procedemento administrativo común: Iniciación do procedemento administrativo común.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.- Albanelería. Funcións, técnicas e tarefas de albanelería. Morteiros. Azulexado. Encofrado. Rozas. Goteiras e humidades. Medios auxiliares de obra: estáticos e móbiles. Andamiaxes e outros.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Tema 2.- Ferramentas básicas para a reparación, acondicionamento, e mantemento. Pintura, albanelería, carpintería, fontanería, calefacción, electricidade e xardinería. Conservación e mantemento de maquinaria e ferramenta.

Tema 3. Xardinería. Mantemento e conservación de xardíns e zonas verdes. Plantación de árbores e poda. Preparación de chans para xardinería. Sistemas de rego e maquinaria.

Tema 4. Nocións de electricidade. Coñecementos xerais. Ideas fundamentais sobre o funcionamento dunha instalación eléctrica. Receptores eléctricos. Condutores e illantes. Instalación de interruptores. Tubos fluorescentes. Reparacións de pequenas avarías. Coñecemento de cadros eléctricos e manexo dos mesmos.

Tema 5. Nocións xerais de electricidade, fontanería, xardinería, pintura, carpintería e ferraxería. Tarefas de acondicionamento e mantemento. Reparación de pequenas avarías e desperfectos.

ANEXO II - SOLICITUDE**SOLICITUDE PARA CUBRIR INTERINAMENTE SEIS PRAZAS DE OPERARIO DE OBRAS E SERVIZOS DO CONCELLO DO PORRIÑO.**

D./D.^a, provisto/a de DNI, con domicilio a efecto de notificacións en, teléfono núm., correo electrónico

EXPÓN: Que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº de data publicáronse as Bases que rexen o urxente procedemento selectivo de oposición para a cubrir interinamente, de seis prazas vacantes de persoal laboral fixo, coa denominación de operarios obras e sevizos e coa titulación de certificado de estudos primarios ou equivalente, mentres perduren as circunstancias de urxencia que determinan o nomeamento e contratación laboral de duración determinada de interinidade, non se cubran en propiedade ou se amortice as devanditas prazas, e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA baixo a súa responsabilidade que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma sexa admitido/a á convocatoria para cubrir, con carácter interino, as prazas de operarios obras e sevizos mediante o contrato laboral de duración determinada de interinidade.

Documentación que se achega:

- Fotocopia compulsada do DNI en vigor.
- Fotocopia compulsada do certificado de estudos primarios.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

- Fotocopia compulsada do permiso de condución en vigor.
- Declaracións responsables de cumprir os requisitos requiridos nos apartados d), e), f) desta base 6ª.
- Fotocopia compulsada do xustificante de pago dos dereitos de participación no proceso selectivo.
- Fotocopia compulsada do certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da Orden do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento de lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da oposición da base 11ª.3.3.

....., de de 2019

(Sinatura do/a solicitante)

SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO”

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

O Porriño, na data de sinatura electrónica. A alcaldesa. Eva García de la Torre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.

